

Prosa do observatorio : Lembranza de Manuel María

No 25 de Xullo de 2002, no Festigal, tiven a sorte de cruzar unhas verbas de agarimo con Manuel María, co que eu nunca antes falara. Estaba sentado nunha cadeira e co rostro ensumido, pois a boa saúde xa non acompañaba os seus días. Cando lle presentei para a sinatura un seu libro, preguntou a nome de quen eu quería a dedicatoria. Cando lle din o meu, ergueu a ollada e logo incorporouse para me dar unha aperta que sentín de agarimo. Agasalloume mentres cunha frase que permitan que garde para min, mais que foi de recoñecemento e cariño. Asinou o libro deste xeito: *“Para Xavier Queipo, esta antoloxía poética aberta a tódolos horizontes, con toda a amizade de Manuel María”* Da dedicatoria quedo coa apertura a todos os horizontes e coas verbas que acompañaron os escasos minutos que compartimos conversa, pois tras de min ficaban varias persoas á espera e nin eu nin el quixemos facerlles esperar máis.

Neste 25 de Xullo de 2015 fervía a Quintana coa calor abafante cando do estrado xurdiron os primeiros compases de “O carro”, o poema de Manuel María convertido en cantiga popular hai xa unhas décadas. O poema que toda a praza cantou ao unísono, fixo –xusto é dicilo- tremer os meus beizos coa emoción mentres imaxinaba a figura de Manuel María, militante dos primeiros días, e como neste instante sentiría el o orgullo de ser bardo popular e benquerido, cando escoitase entoar: *“Non canta na Chá ninguén/Por iso o meu carro canta/Canta o seu eixo tan ben,/que a señardade me espanta”*. Daba xenio ver aos mozos lampos e as doncelas vindicativas cantar a carón dos vellos prostáticos e as avoas repoludas. Daba gloria ver que, malia algunhas disidencias mínimas, todos cantaban a coro sen importar a cor ou as letras inseridas nas súas bandeiras.

Este ano 2015 foi o ano da celebración da unidade na diferenza. Unidade táctica, enténdese, mais unidade necesaria para acadar un obxectivo –táctico tamén- e condición previa para conseguir de vez o que nunca foi posíbel até agora. Algúns enténdeno como unha quimera, outros como unha loucura ou outros aínda como manifestación de confusión ideolóxica, de amalgama sen testar que poida que non dea os resultados previstos. Como dicía Celso Emilio Ferreiro nun dos seus poemas: *“Eu non teño medo do que o tempo traerá, pero sei que tarde ou cedo o que ha de vir chegará”*. Quen sabe, o que non se pode é ficar en silencio. Ben a fio, outra vez, un poema de Manuel María que di: *“é preciso, urxente e necesario,/ rematar co silencio dunha vez,/ recobrar as palabras unha a unha,/ facer con elas proclamas e cancións,/ primaveras de soños e de espranzas,/ coiteladas de luz, voz verdadeira,/ que obrigue a camiñar a nosa Patria.”*

Nestes anos pasados dende a nosa primeira e única conversa, pasou Manuel María polas miñas lecturas varias veces, e agora vai estar presente unha vez máis nesta relectura necesaria do ano que entra, que vai ser o seu ano de honra, pois a Academia decidiu dedicarlle en 2016 o Día das Letras Galegas. Quedo coa súa defensa permanente da lingua galega, coa súa obra, ampla e variada de rexistros, co seu compromiso na defensa dos dereitos dos oprimidos e do autogoberno necesario.

Se cadra por iso, polo antedito e non por outra cousa, cando na Quintana en pé de guerra escoitei cantar aquela cantiga a mozos e anciáns, a membros destacados de partidos diferenciados e a xentes do común que queren unha Galiza independente ou unha Galicia liberada, sentín o agarimo dos seus versos, que adquiriron, de súpeto, un senso diferente, coma se a unidade dos nacionalistas que alí estabamos estivese xa gravada no imaxinario popular: *“Non hai canto tan fermoso:/fino como un asubío./Anque é, as vegadas, saudoso,/faise, no ar, rechouchío.”*

Déixoos con ese rechouchío da Quintana, esperando que medre a ruxe-ruxe poderoso e que vexan os meus ollos e os seus, o espírito de Uxio Novoneyra, *“camiñado do Caurel a Compostela por unha Galiza liberada”*.

